



NOTA DE PRENSA

O territorio tamén está presente esta fin de semana en Turexpo coa unidade móbil "Costa da Morte, un mar de vida" e un stand informativo

O IV Ralli Fotográfico Costa da Morte patrocinado pola Deputación da Coruña dentro do Plan de Comercialización e Promoción do destino turístico terá lugar este sábado na comarca

A Coruña. Xoves 26 de novembro de 2009./ A Deputación da Coruña, dentro do Plan de Promoción e Comercialización do destino turístico Costa da Morte, organiza este sábado o IV Ralli Fotográfico Costa da Morte.

Nesta edición, os participantes deberán fotografiar dous temas, "Etnografía da Costa da Morte", e "Beleza da Costa da Morte", presentando catro fotografías por cada un. Todas as imaxes deberán realizarse en formato dixital e dentro dos límites dos concellos de Camariñas (dende Santa Mariña, pasando pola praia do Trece ata cabo Vilán), Carnota (onde se visitará a fermosa aldea de A Curra); e o tramo de costa do cabo Fisterra.

O premio á primeira mellor serie fotográfica recibirá unha fin de semana nunha casa de turismo rural para dúas persoas; e os galardóns á mellor fotografía sobre a Etnografía e Beleza da Costa da Morte, sendos agasallos. A saída da carreira está prevista ás 08.30 horas da cafetería Cristal (rúa Bispo Romero Lema. Baio.Zas).

Promoción en Turexpo

O Plan de Promoción e Comercialización do destino turístico Costa da Morte, tamén está presente esta fin de semana na Feira Turexpo de Silleda, onde chega despois dunha intensa xira realizada por Barcelona, Donosti, Pamplona, León, Valladolid e Ourense, con presenza destacada nas principais feiras do sector como Expogalecia (Vigo), Agrotur (Barcelona) e Intur (Valladolid).

Tralo éxito acadado en Intur a pasada fin de semana, ao que asistiron máis de 43.000 visitantes e se estableceron contactos comerciais entre empresarios da Costa da Morte e entidades do sector, a unidade móbil “Costa da Morte, un mar de vida” e o stand informativo trasladáronse a cidade de Ourense, na que se desenvolveron accións promocionais desde o pasado martes ata hoxe no centro comercial Ponte Vella e en varias rúas da cidade.

Desde mañá ata o domingo a campaña levarase a cabo en Turexpo, unha das principais feiras do sector, na que se espera consolidar a imaxe da Costa da Morte como destino turístico de primeira magnitude e atraer á comarca a un número elevado de visitantes, propiciando o crecemento da actividade económica.

Desde que se iniciaron as actividades o pasado mes de outubro na feira Expogalaecia de Vigo, lévanse repartidos mais de 5.000 paquetes de material promocional entre guías turísticas, mapas do territorio e publicacións sobre o patrimonio.

www.turismocostadamorte.com

